

Federación Galega
de Redeiras Artesás
"O PEIRAO"



PROXECTO

O FUTURO PROFESIONAL DAS REDEIRAS ARTESÁS GALEGAS

Conclusións Mesa de Traballo de Portosin

No coloquio *Necesidades e inquiredanzas actuais das redeiras galegas* nesta mesa saíron as seguintes ideas:

- A organización do sector de armado e reparación de redes e aparellos de pesca é fundamental para poder defender os intereses profesionais das redeiras.
- Para levar a cabo a defensa do sector é necesario que as redeiras dos distintos portos se esquezan de localismos e individualismos.
- No último ano están chegando aos portos aparellos feitos de China que as redeiras só teñen que armar o que repercute na calidade do traballo. Para poder facer valer os dereitos das redeiras na defensa do seu traballo fronte os intereses do colectivo armador é necesario estar unidas e ter una federación forte que as represente.
- Cara ao futuro traballarán na idea de formar unha asociación de redeiras en Portosin. Aínda que algunhas redeiras deste porto están asociadas a Asociación de redeiras de Aguiño, Portosín e Porto do Son, creen que é necesario ter unha asociación neste porto para facilitar o intercambio de información e a comunicación entre as redeiras.
- Comprometéronse a ter unha reunión entre elas para falr de formar unha asociación en Portosín e posteriormente reunirse con Evangelina Martínez Sotelo para que as asesore nos pasos que teñen que dar para formar a asociación e federarse.
- O camiño que queda por andar cara a dignificación da profesión de redeira é longo pero hai que ir dando pasiños pouco a pouco.